

Mércores, 3 de novembro de 2021

Núm. 211

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
MARÍN

Ordenanzas e Regamentos

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS INSTALACIÓNS DE
TERRAZAS NO CONCELLO DE MARÍN*

ANUNCIO

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS INSTALACIÓNS DE TERRAZAS NO
CONCELLO DE MARÍN*

O Pleno do Concello de Marín, en sesión ordinaria celebrada o día 14 de outubro de 2021, aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora das instalacións de terrazas no Concello de Marín.

Esta resolución foi comunicada á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia o día 15 de outubro de 2021, polo que o prazo de quince días hábiles ao que se refire o artigo 65.2 da Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, rematou o día 8 de novembro de 2021. En consecuencia, de conformidade co artigo 70.2 da Ley 7/1985, do 2 de abril, o contido desta instrución entrará en vigor ao día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do seu contido íntegro, que literalmente é así:

**ORDENANZA REGULADORA DAS LICENZAS DE INSTALACIÓNS DE TERRAZAS
DO CONCELLO DE MARÍN**

LIMIA R

O artigo 41.1,b) da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECEG), dispón que en atención á concorrência de razóns de orde pública, seguridade pública e protección do medio ambiente será precisa a obtención de licenza municipal para a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público.

O artigo 42 ter da devandita Lei regula a tramitación básica da solicitude de licenza dirixida ao concello, con carácter previo á instalación da terraza e no caso de que se ubique en dominio público municipal, solicitarse conxuntamente coa autorización para a ocupación do dominio público. Dita norma establece un contido básico para a tramitación, que precisa dun desenvolvemento adicional para conceder seguridade xurídica aos distintos operadores.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:8RFP5AO49FI78H2



Mércores, 3 de novembro de 2021

Núm. 211

A ocupación do dominio público con carácter comercial experimentou na vila de Marín un crecemento importante. A instalación de terrazas, veladores ou elementos análogos configúranse como alternativas de lecer cada vez máis demandadas pola cidadanía, constituíndo espazos de convivencia cidadá e dinamizando a vida pública dos núcleos de poboación onde se asentan.

Ademais, desde o 11 de marzo de 2020, data na que a Organización Mundial para a Saúde (OMS) declara a emerxencia sanitaria mundial pola Pandemia do coronavirus “Covid-19”, adoptáronse diversas medidas preventivas en materia de saúde pública que afectaron ás condicións de apertura dos establecementos dedicados á restauración e hostalaría. Esta situación propiciou un aumento da demanda de ocupación de espazos públicos ao aire libre para o uso de establecementos comerciais para compensar as limitacións ás actividades de restauración no interior dos locais, que será prolongada durante un período de tempo dado que a persistencia da epidemia está a comportar unha volta á actividade (a denominada “nova normalidade”) de forma progresiva e baixo condicións que reducen a ocupación ou aforo máximo permitidos.

A aprobación dunha nova norma que regule a concesión de licenzas de terrazas e o uso común xeral dos espazos públicos do concello de Marín cos supostos de usos especiais coa instalación no dominio público de terrazas vinculadas a establecementos de hostalaría ou restauración (ou situacións asimiladas) é, polo tanto, inaprazable nestes momentos.

De feito, xa se realizaron actuacións neste eido, consistentes na publicación da Instrución publicada no Bop de Pontevedra n.º 93 de data 19.05.2021, en aras de solventar a obsolescencia da anterior “Ordenanza Municipal reguladora das instalacións e utilización na vía pública de mesas, cadeiras e instalacións complementarias que constitúan actividades de hostalaría con finalidade lucrativa (BOP n.º 17 de data 27.01.2014).

Tanto desde a perspectiva de dotarse dun procedemento uniforme e claro para os interesados, como pola necesidade de contar con pautas para autorizar formatos e condicións, ante a proliferación de terrazas de estética diferente e morfoloxías variadas na vía pública. E finalmente, como é obvio, para asegurar unha axeitada conciliación destes usos e aproveitamentos especiais, co disfrute das vías públicas e espazos públicos pola veciñanza e os visitantes, de xeito que estas lexítimas ocupacións para usos especiais non afecten de forma drástica ao uso común xeral para desprazamentos, paseos, circulación, estacionamento ou asueto da poboación.

O concello de Marín non pode mostrarse por máis tempo aleno a esta realidade, polo que atendendo aos principios de necesidade e boa regulación, pretende dotarse desta ordenanza que acolle un marco normativo amplo onde se regulan as posibilidades e modalidades destes tipos de ocupación destinada a fins comerciais (sobre todo no que atinxe a este concello para actividades de restauración e hostalaría), que ha de ter unha resposta de ordenación normativa local máis urxente ante a necesidade causada pola realidade actual, e sen prexuízo de que no futuro o concello poida abordar dun modo conxunto a regulación de todos os usos e aproveitamentos sobre o dominio público local.



Mércores, 3 de novembro de 2021

Núm. 211

O obxectivo principal desta nova norma céntrase en ordenar e sistematizar o réxime xurídico das autorizacións para instalación con terrazas vinculadas a establecementos de hostalería e restauración e situacións asimiladas e para o caso de aproveitamentos especiais en espazos públicos serán outorgadas por autorización demanial. Todo iso atendendo o principio xeral de uso común xeneral pola cidadanía que debe gozar dunha protección prioritaria á hora de regular os usos e aproveitamentos no dominio público local.

Así mesmo, tamén son obxectivos da presente ordenanza:

- A mellora da calidade urbana, permitindo elementos de ocupación que contribúan á creación de espazos ao servizo da veciñanza así como á dinamización económica da zona, xerando entornos amables, acolledores e prácticos.

- Dar cumprimento á nova normativa en accesibilidade para unha ordenada convivencia entre estes espazos e a boa circulación dous viandantes polo espazo público.

- A regulación e ordenación dos procedementos de solicitude e obtención das licenzas en base ao cumprimento da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, de Réxime xurídico do sector público.

En virtude do principio de proporcionalidade, esta Ordenanza contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir coa mesma. Asemade, en virtude do principio de seguridade xurídica, na redacción da presente ordenanza tense en consideración –con ánimo de integrar as distintas regulacións que afectan a este tipo de aproveitamentos –, sen ánimo de ser exhaustivos, o disposto na seguinte normativa:

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia

- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das Entidades Locais.

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- Decreto 143/2016, do 22 de decembro do Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

- Real Decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.



- Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso á contorna das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico ao que deben someterse as autorizacións para instalación con terrazas vinculadas a establecementos de hostalería e restauración e situacións asimiladas, así como as ocupacións do dominio público municipal e do espazo libre privado de uso público, fixando os procedementos para o outorgamento das autorizacións que fagan posible compatibilizar o seu uso común xeral co uso común especial que poidan ser autorizables con carácter comercial.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

A presente ordenanza é aplicable a todos os espazos abertos de uso público, sexan de titularidade pública ou privada, para o uso comercial non festivo.

Coa finalidade de sistematizar os modos de ocupación dos espazos de uso público, os espazos urbanos clasifícanse nas seguintes categorías.

-Beirarrúas en rúas con circulación rodada: Son aquelas beirarrúas situadas xunto a viarios rodados e separadas destes por un bordo, independentemente da súa anchura. Limitan normalmente con fachada de edificio.

-Rúas Peonís: Aquelas rúas de carácter peonil que se atopen permanentemente pechadas á circulación de vehículos, salvo para labores de mantemento ou emerxencias.

-Rúas de circulación restrinxida: Son aquelas rúas que se atopen, total ou parcialmente pechadas á circulación de vehículos, desde o punto de vista do horario (temporal ou restrinxido), pero na que coexisten vehículos e peóns.

-Espazos libres e prazas: Son aqueles espazos con carácter peonil ou de espazo libre que, pola súa configuración, non corresponden a rúa peonil nin de coexistencia. Trátase habitualmente de zonas pavimentadas e/ou con zonas axardinadas.



-*Espazos de valor singular*: Son aqueles espazos que dispoñen dun valor ambiental singular desde o punto de vista estético, paisaxístico, arquitectónico ou de Patrimonio.

Artigo 3. Exclusionés

Quedan excluídos do ámbito de aplicación da presente ordenanza aqueles usos ou actividades que se atopen regulados pola súa propia ordenanza, así como os usos e actividades que non estean expresamente recollidos.

Artigo 4. Definicións

Para os efectos da presente ordenanza, enténdese por:

a. *Actividade hostaleira*: Son aqueles establecementos, públicos ou privados, que se encadran entre os locais de hostalería recollidos na normativa sectorial de turismo da Comunidade Autónoma de Galicia.

b. *Terraza ou velador de hostalería*: É o conxunto de mesas, cadeiras e calquera outro mobiliario ou instalación -esteá ou non homologada- que, sendo propios deste tipo de instalacións, estean situadas en dominio público ou en espazos privados de uso público, e sirvan de complemento temporal ou continuo a un establecemento legalizado de hostalería, así como cando forme parte dun establecemento maior, sempre que a súa licenza, comunicación previa ou declaración responsable recolla expresamente a autorización de funcionamento da hostalería complementaria.

Poden contar cos seguintes elementos:

- *Toldos*: Instalación auxiliar dunha terraza anexa á fachada, podendo ter cerramentos extensibles e flexibles.

- *Toldos Telescópicos*: Estruturas con toldos a dúas augas, móbiles mediante a instalación de rodas o fixas e mediante xardineiras a modo de contrapeso.

- *Tarimas ou taboados*: Instalación auxiliar a unha terraza con carácter móbil ou facilmente desmontable, con estrutura ancorada ou non ao pavimento, cuxo fin é eliminar barreiras de pendente, ou desnivel derivados das especiais características dos espazos urbanos susceptibles de ocupación, permitindo o acceso ou a nivelación do solo para a ocupación de conformidade co disposto na normativa de aplicación.

- *Paraventos*: Pantallas de diversas formas, tamaños e materiais, a miúdo lixeiros e translúcidos, que serve para protexer do vento.

- *Xardineiras*: Recipientes, que serven para poñer macetas con plantas ou para colocar plantas de adorno directamente na terra.

- *Separadores*: Elementos delimitadores conformados por macetas, bolardos, etc...



- *Expositores*: Elementos móbiles e desmontables vinculados ás terrazas ou, no seu caso, como extensión da actividade comercial principal a espazos de uso público, que se dispoñen no exterior de establecementos de hostalería, comerciais ou de servizos, tales como caixóns, plantas, armazóns no chan para o apoio de cartelería ou propaganda, armarios expositores ou similares.

Artigo 5. Accesibilidade

A accesibilidade universal é a calidade de fácil acceso para que calquera persoa, mesmo aquelas que teñan limitacións na mobilidade, na comunicación ou o entendemento, poida chegar a un lugar, obxecto ou servizo, en condicións de seguridade, comodidade e da forma máis autónoma e natural posible.

A presente ordenanza rexerase en todo momento polo que regula a normativa de accesibilidade:

- Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

- E calquera outra lei ou norma que posteriormente se publique e afecte ou modifique as anteriores.

Aos efectos da presente Ordenanza, tamén se definen os seguintes aspectos:

- *Acceso adaptado*: Aquele espazo que, por contar coas medidas, materiais e xeometría adaptados á normativa de accesibilidade, permite o acceso de maneira autónoma e non discriminatoria a un establecemento ou instalación.

- Os itinerarios peonís garanten, tanto no plano do chan como en altura, o paso, o cruzamento e o xiro ou cambio de dirección de persoas, independentemente das súas características ou modo de desprazamento. Posibilitan a circulación de usuarios de cadeiras de rodas ou persoas invidentes.

- *Paso peonil*: É o espazo público destinado ao tránsito de peóns que, sen garantir as condicións de itinerario peonil no plano do chan, si o garante en altura e posibilita a circulación de persoas invidentes. Este paso non pode ser inferior a 1,80 metros de ancho.

A realización de accesos aos establecementos con ramplas, elevadores, monta-cadeiras, etc., ocupando solo público ou privado de uso público, adaptaranse á normativa de accesibilidade, requirindo a obtención da licenza de ocupación.

Artigo 6. Sometemento a licenza

As autorizacións e ocupacións ás que se refire a presente ordenanza unicamente serán lícitas cando contén con licenza municipal e só na medida en que sexan conformes co autorizado expresamente nelas.



En ningún caso o pago das taxas polo aproveitamento especial, nin ningún outro acto ou omisión, incluso municipal, distinto do outorgamento expreso da licenza, permitirá a instalación ou mantemento das terrazas, que seguirán sendo ilícitas para todos os efectos mentres non contén coa preceptiva licenza.

Ademais das condicións sinaladas na presente ordenanza, as instalacións autorizables quedarán suxeitas á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, protección do patrimonio, ás condicións urbanísticas establecidas no PXOM e a calquera outra normativa xeral ou sectorial que lles sexa esixible, sen prexuízo das maiores limitacións que deriven da aplicación da presente ordenanza.

Artigo 7. Requisitos subxectivos para a obtención de licenza de terraza

Só poderá outorgarse licenza para a instalación de terraza e elementos vinculados aos titulares de actividades de hostalería situados nun local próximo que contén con título habilitante municipal de apertura e que cumpran os demais requisitos legais para o seu funcionamento.

Igualmente, estarán suxeitos á licenza para a instalación de terraza as persoas ou entidades titulares doutras concesións, en terreos de titularidade pública de calquera tipo, cuxa actividade principal sexa asimilable ao exercicio da hostalería.

A terraza atenderase exclusivamente desde os locais aos que se refiren os apartados anteriores, e nelas non se poderán realizar actividades de hostalería distintas ás que legalmente poidan realizarse no local que as serve. En concreto, só se expenderán os mesmos produtos que sexan propios do establecemento do que dependen, debendo solicitarse a modificación da actividade principal no caso de pretender realizar distinta actividade ou servizo.

A eficacia da licenza de terraza queda supeditada ao mantemento do título habilitante de actividade do establecemento principal.

Artigo 8. Outorgamento da licenza: criterios xerais e límites

As licenzas outorgaranse previa emisión dos informes preceptivos que comproben o cumprimento da normativa de aplicación. No caso de que a solicitude leve aparellada a solicitude de ocupación do dominio público local serán actos discrecionais municipais. Facultarán ás persoas ou entidades autorizadas situar as instalacións que se determinen, no seu caso ocupar o dominio público local, e realizar a actividade solicitada nas concretas condicións que se establezan polo Concello.

Cando a licenza leva aparellado ademais o outorgamento das autorizacións para a ocupación do dominio público local harmonizaranse os intereses públicos e privados, atendendo a criterios de compatibilidade entre os aproveitamentos especiais ou usos privativos solicitados e o uso común xeneral do dominio público, prevalecendo en caso de conflito este último por razóns de interese xeral.



Para tal efecto, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

- Preferencia do uso común xeral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as instalacións autorizables non limiten a accesibilidade de todos os cidadáns aos espazos destinados ao uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.
- Garantía da seguridade viaria.
- Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública, en especial contra a contaminación acústica. Para tal efecto, o funcionamento das instalacións deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable reguladora da emisión de ruídos e vibracións.
- Preservación do arboredo e vexetación da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.
- Preservación do mobiliario urbano, e de calquera elemento singular existente no espazo de uso público.
- Protección do uso e dos dereitos e intereses dos usuarios das propiedades lindeiras.
- Protección do Patrimonio e dos seus elementos catalogados, coa imposición das condicións de ornato e estética que garantan unha imaxe adaptada.
- Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de emerxencia.
- Garantía de fácil accesibilidade en todo momento aos servizos ou instalacións públicos existentes.

Denegarase o outorgamento da licenza de terraza cando así proceda en virtude de calquera norma sectorial de aplicación. En especial, denegarase cando tal uso estea prohibido polos instrumentos de planeamento urbanístico que resulten de aplicación ou cando así proceda conforme a unha declaración de zona acusticamente saturada ou con acordo de iniciación do procedemento para declárala.

Non poderán autorizarse instalacións obstaculizando as saídas de emerxencia, así como vaos, pasos de peóns ou paradas de transporte público, ou dificultando a visión nos cruzamentos ou incorporacións á calzada.

En caso de solicitude e instalación de terraza xunto ás vías de circulación sen banda de aparcamento, deberá instalarse unha protección de calzada para a concesión da preceptiva licenza.

O órgano municipal competente poderá denegar a licenza para a instalación de terrazas ou veladores de hostalería, así como elementos publicitarios, naqueles casos que así o esixa a normativa en vigor, o interese público por razón de trazado, situación, seguridade viaria, obras públicas ou calquera outra circunstancias.



Excepcionalmente mediante resolución de Alcaldía, segundo o disposto na Disposición Adicional Única, poderase ampliar a superficie de ocupación das terrazas nas datas de celebración das Festas Locais ou acontecementos análogos, sempre que se respecten as condicións técnicas e de seguridade propostas polos técnicos municipais.

Artigo 9. Características da licenza

As licenzas outorgaranse salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

As licenzas só autorizan a ocupación durante o tempo determinado nelas e sen que do seu outorgamento se derive para o seu titular ningún dereito nin expectativa lexítima a obtelas por un novo período, nin impida a súa denegación motivada en futuras ocasións.

A ocupación autorizada coa licenza non implicará en ningún caso a cesión das facultades administrativas sobre os espazos públicos nin a asunción polo Concello de responsabilidades de ningún tipo respecto ao titular do dereito á ocupación ou a terceiro. O titular da licenza será responsable dos danos e prexuízos que poida ocasionar á Administración e a suxeitos privados, salvo que teñan a súa orixe nalguna cláusula ou imposición administrativa imposta de ineludible cumprimento para o seu titular.

As licenzas para instalación de terrazas en dominio público local entenderanse outorgadas a título de precario e supeditadas á súa compatibilidade en todo momento co interese xeral. En consecuencia, poderán ser revogadas, modificadas ou suspendidas sen xerar dereito a indemnización, aínda que si á devolución da parte proporcional da taxa que corresponda.

Coa licenza regulada na presente ordenanza valórase exclusivamente a conveniencia da ocupación do espazo pola terraza ou instalacións que regula e autorízase a instalación e, no seu caso, a ocupación do dominio público local cando sexa procedente, sen prexuízo do deber de cumprir as demais normas que regulen a actividade e instalacións e de obter as demais autorizacións e títulos administrativos que no seu caso sexan necesarios.

En especial, a licenza aquí regulada non permite a realización na terraza de actuacións musicais ou espectáculos, nin a reprodución de música ou sons amplificadas por ningún medio, agás naqueles casos de actividades extraordinarias reguladas na lexislación vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, onde se autorice coas limitacións e autorizacións previstos na normativa sobre limitación acústica en vigor.

Artigo 10. Transmisibilidade das licenzas de terrazas

A licenza outorgada só será transmisíble en caso de cambio de titularidade do establecemento hostaleiro, e só en tanto se transmita o correspondente título habilitante de apertura vixente cos requisitos esixidos. En todo caso, non poderán ser transmitidas nin cedidas a terceiros, agás que o Concello outorgase ou seu consentimento expreso.



Mércores, 3 de novembro de 2021

Núm. 211

Neste caso, a transmisión da licenza de terraza será obrigatoria e entenderase implícita coa transmisión do título habilitante de apertura do establecemento, sen que en ningún caso poda dissociarse a titularidade de unha e outra.

A ausencia de notificación da transmisión da licenza implicará a extinción da licenza de terraza, quedando tanto o transmitinte como o adquirente suxeitos ás responsabilidades propias do titular, sen prexuízo da incoación, no seu caso, do correspondente expediente disciplinario e sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan de conformidade co disposto no Título V da presente ordenanza.

Artigo 11. Prazo de duración

1. As licenzas de terrazas e elementos vinculados haberán de outorgarse por tempo determinado, que non poderá ser superior a catro anos nin inferior a un mes.

2. Co prazo máximo solicitado polo interesado, a licenza poderá concederse por algún dos seguintes períodos:

- Por anos naturais completos, isto é, do 1 de xaneiro ao 31 de decembro.
- Por tempada, entendendo por tal o período comprendido entre o 1 de xuño ao 30 de setembro do mesmo ano.
- Por un ou varios meses naturais completos e consecutivos, é dicir, do día 1 dun mes ata o último do mesmo mes ou doutro posterior.
- Por razóns de interese público, debidamente motivados, poderá outorgarse a licenza por un período inferior ao solicitado, pero sempre dentro do establecido no apartado anterior.

3. Outorgada a autorización, os datos relativos á mesma incorporaranse á oportuna matrícula ou padrón fiscal a efectos do pago correspondente.

4. Tanto nos supostos de extinción ou revogación da licenza, a persoa ou entidade titular da licenza estará obrigada a suprimir as marcas de sinalización previstas no artigo seguinte. O prazo para elo será de un mes dende a comunicación da revogación ou modificación da ocupación.

O incumprimento desta obriga dará lugar á apertura de expediente disciplinario, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan de conformidade co disposto na presente ordenanza.

Artigo 12. Modificación da licenza

1. A persoa ou entidade titular da actividade poderá solicitar ao Concello, unha vez ao ano como máximo, a modificación da superficie ocupada pola terraza e, no seu caso, dos toldos e elementos xeradores de calor e frío ou elementos vinculados, previo pago das taxas correspondentes.



Mércores, 3 de novembro de 2021

Núm. 211

2. A autorización da modificación da superficie ocupada pola terraza implicará a obrigação da persoa ou entidade titular daquela de modificar os elementos necesarios para axustarse á modificación autorizada. En caso contrario, procederase consonte o previsto no Título V da presente ordenanza.

3. O Concello poderá modificar as licenzas en canto á localización, extensión, mobiliario, horario ou calquera outro aspecto nos mesmos supostos que nos recollidos para a revogación no apartado seguinte e nos termos recollidos no artigo da presente ordenanza.

Artigo 13. Extinción das licenzas

1. As licenzas reguladas na presente ordenanza extínguense polas seguintes causas, debendo ditarse resolución na que así se declare:

a. Falecemento ou incapacidade sobrevida da persoa física ou extinción da personalidade xurídica das persoas ou entidades titulares da licenza.

b. Falta de consentimento previo expreso do Concello nos supostos de transmisión da licenza nos termos dispostos no artigo 11, ou nos de modificación por fusión, absorción ou escisión da personalidade xurídica da entidade autorizada ou concesionaria.

c. O vencemento do prazo para o que foron outorgadas as licenzas produce a súa extinción sen necesidade de resolución municipal e sen que exista prórroga tácita ou presunta, polo que, ao chegar ao seu termo, o titular non poderá seguir ocupando o espazo agás que obteña renovación ou nova licenza.

d. Revogación da autorización. En especial, procederá a revogación cando resulten incompatibles coas normas ou criterios aprobados con posterioridade, produzan danos ao espazo público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, menoscaben ou dificulten o uso xeral, altérense os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviñesen circunstancias, que de existir naquel momento, xustificarian a denegación.

e. Falta de pago da taxa pola ocupación ou do canon da concesión ou exaccións municipais, ou calquera outro incumprimento grave ou moi grave das obrigacións declarado polo Concello.

f. Ter débedas co Concello, de calquera natureza, que se atopen en período executivo, durante o período de ocupación autorizado.

g. Desafectación do ben.

h. A extinción ou suspensión da licenza de apertura ou o peche por calquera causa legal do local ou establecemento desde o que se deba atender a terraza ou instalación determinará igualmente a automática extinción ou a suspensión da licenza sen necesidade de resolución administrativa.

i. Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rexa a licenza de ocupación.



Extinguida a licenza por calquera causa, o titular está obrigado a retirar todos os elementos desta e a non volver instalala. En caso contrario, procederase consonte o previsto no Título V da presente ordenanza.

Artigo 14. Suspensión das licenzas

Quedarán automaticamente suspendida a eficacia da licenza pola celebración de procesións, cabalgatas, feiras, mercados, espectáculos, acontecementos deportivos, manifestacións ou eventos similares de interese preferente, así como pola realización de obras, esixencias dos servizos públicos ou outras actividades, sempre que requiran ineludiblemente que quede expedito o espazo ocupado pola terraza. A suspensión terá a duración imprescindible, recobrando a licenza a súa eficacia en canto desaparezan as circunstancias que a xustificaron, en todo caso sen necesidade de resolución administrativa. Nestes casos non haberá dereito á devolución de taxas agás que a suspensión sexa superior a 15 días naturais.

TÍTULO II. RÉXIME E CONDICIÓNS XERAIS DAS OCUPACIÓNS

CAPÍTULO I. DAS OBRIGAS DOS TITULARES DAS LICENZAS

Artigo 15. Deberes xerais do titular da licenza

1. O titular da licenza terá, ademais dos deberes xa establecidos noutros preceptos desta ordenanza e dos que se impoñan na resolución que a outorgue, con carácter xeral os seguintes deberes:

- a) Velar para que en ningún momento se ocupen espazos distintos dos autorizados na licenza.
- b) Non atender ás persoas usuarias que se sitúen fora do espazo permitido.
- c) Velar para que as persoas usuarias non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que xeren molestias á veciñanza ou a os demais usuarios da vía pública.
- d) Manter o mobiliario en perfectas condicións de seguridade, hixiene e ornato.
- e) Retirar da vía pública todo o mobiliario cando finalice o horario de utilización da terraza e recollelo no local desde o que se sirve ou noutro disposto a tal efecto, de conformidade coa resolución da licenza, así como durante os períodos de peche regulados no artigo 25 da presente ordenanza.
- f) Manter permanentemente limpa a zona ocupada pola terraza e as zonas adxacentes en canto resulten afectadas polo uso da terraza, debendo especialmente proceder á súa limpeza completa tras cada xornada de utilización.
- g) No caso das terrazas cubertas con toldos, parasoles e antucas, ou naquelas nas que existan elementos desmontables na instalación tales como tarimas ou calquera outra das reguladas na presente ordenanza, proceder no prazo máximo de cinco días hábiles desde a extinción ou revogación da licenza a desmontar as instalacións e a repoñer ao seu estado anterior o



pavimento, así como a reparar calquera outro dano causado ao dominio público. No resto das ocupacións, unha vez extinguida a licenza de ocupación ou tras a súa revogación, deberase retirar con carácter inmediato o mobiliario da instalación.

h) Cumprir as normas e medidas hixiénico-sanitarias aprobadas polas autoridades sanitarias para evitar ou prever a propagación de enfermidades e infeccións, debendo manter un cumprimento estrito no espazo de terraza.

i) Indicar nun lugar visible o aforo máximo vixente permitido na terraza.

O incumprimento destas obrigas dará lugar á incoación de expediente disciplinario, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan de conformidade co disposto na presente ordenanza. No caso de que algún dos incumprimentos afecte á seguridade das persoas ou á saúde en xeral, deberán adoptarse no acordo de incoación as medidas cautelares necesarias para evitar a continuidade da actividade durante a tramitación, incluíndo a clausura temporal da terraza.

Artigo 16. Deberes económicos do titular e prestación de garantía

1. O titular da licenza, ademais de deber de satisfacer as taxas que graven a expedición da mesma pola actividade administrativa desenvolta e, no seu caso, polo aproveitamento común especial do dominio público que corresponda, ten o deber de sufragar á súa costa todos os gastos que comporten os deberes impostos e a obrigación de indemnizar os danos, así como os prexuízos que ocasione á Administración e a terceiros.

2. Ademais, a satisfacción das taxas reguladas no apartado anterior serán compatibles coas taxas que poidan liquidarse pola resolución de outorgamento ou expedición de licenza urbanística, no caso de que as instalacións solicitadas requiran obra, e no seu caso, do ICIO.

3. Nos casos que veña xustificado tecnicamente polos riscos de causar danos sobre o dominio público a ocupación solicitada, poderá esixirse ademais a prestación dunha garantía por parte do solicitante, a prestar en efectivo, aval ou seguro de caución.

Artigo 17. Deberes formais para permitir o control administrativo e público

a) O titular da terraza, así como o seu persoal empregado, teñen o deber de permitir e facilitar a inspección municipal para comprobar o cumprimento desta ordenanza.

b) En especial, terán sempre no establecemento desde o que se atenda e a disposición da inspección municipal o documento que acredita o outorgamento da licenza, así como o documento acreditativo do pago da taxas que correspondan ao período en curso e copia do seguro de responsabilidade civil.



Artigo 18. Seguro de responsabilidade civil

As persoas ou entidades titulares da licenza deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que deberá estender a súa cobertura aos posibles riscos para os bens e as persoas que puidesen derivarse do funcionamento da instalación exterior, manténdoo durante todo o prazo de vixencia da licenza outorgada. Dita cobertura poderá estar incluído dentro do seguro de responsabilidade civil xeral do establecemento principal, pero deberá ser reflectido con suficiente detalle.

O incumprimento deste requisito conlevará, en cada caso, a denegación ou revogación da licenza.

Artigo 19. Deber de estar ao corrente de pagos co Concello

As persoas físicas ou xurídicas que soliciten autorización para ocupar o dominio público local de conformidade co regulado na presente ordenanza, deberán estar ao corrente nos pagamentos ao Concello por calquera concepto, non podendo ter débedas de ningunha natureza que se atopen en período executivo. Deberán manter esa condición durante todo o período de ocupación, dando lugar o incumprimento da devandita obriga á denegación da solicitude ou, no seu caso, revogación da licenza previa resolución ditada ao efecto.

A estes efectos, deberá incorporarse ao expediente certificado acreditativo negativo de débeda dos servizos económicos do concello.

Artigo 20. Limpeza, seguridade e ornato

1. Será deber dos titulares das autorizacións de instalacións obxecto da presente ordenanza a de mantelas nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Esta obriga esténdese tanto ao espazo autorizado para a ocupación como aos espazos adxacentes, así como ao mobiliario ou elementos propios da instalación ou mobiliario urbano, nos termos recollidos na presente ordenanza.

2. Non se permitirá almacenar ou amorear produtos ou materiais xunto ás instalacións, así como residuos propios das mesmas.

3. Prohíbese a suxeición ou amarre dos elementos das terrazas, veladores ou demais instalacións autorizables que se amoreen na vía pública a elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico, árbores, báculos, farois, sinais, instalacións públicas e a propia vía pública.

Artigo 21. Conservación do dominio público e reposición dos danos

As licenzas que se outorguen obrigan aos seus titulares a conservar en perfecto estado de salubridade, hixiene, e ornato o dominio público municipal; así como a repoñer todos os danos que poidan ocasionarse como consecuencia da ocupación ou actividade desenvolta.



O Concello, tras apercibimento ao obrigado, poderá proceder á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables trimestralmente de 600 a 6.000 € ata a completa reparación polo obrigado; ou ben executar subsidiariamente as obras de restitución e reparación con cargo á garantía prevista no artigo 17.3, no caso de terse esixido na concesión da licenza, reclamando ao responsable polo exceso dos gastos que se xeren non cubertos pola garantía.

As multas coercitivas non teñen natureza sancionadora, polo que serán independentes da posible sanción que poida derivar das infraccións cometidas de conformidade coa presente ordenanza.

Artigo 22. Deberes dos titulares de licenzas de ocupación en zonas verdes e axardinadas

As ocupacións do dominio público municipal que afecten a zonas verdes ou axardinadas, deberán de cumprir as seguintes condicións:

1. Queda prohibida calquera acción que poida danar estes espazos e os elementos, plantas ou vexetación existente neles, non podendo utilizar as redes de servizos (hidrantes, redes de rega e demais elementos das mesmas) sen contar coa autorización municipal. Calquera elemento, ou maquinaria a instalar que poida prexudicar estas zonas deberá contar con autorización municipal.
2. Deberán permanecer en todo momento libre de ocupación as arquetas e elementos de rexistro en superficie de calquera servizo público, e en particular da rega.
3. Queda prohibida a utilización de plantas e árbores como soportes para colocar, ancorar ou cravar calquera tipo de elemento, sinal ou instalación, así como a suxeición dos mesmos ao seu tronco e ramas.

CAPÍTULO II. HORARIOS E CONDICIÓNS XERAIS DE SITUACIÓN, OCUPACIÓN E COMPOSICIÓN DAS TERRAZAS

Artigo 23. Horarios

1. O horario de funcionamento das terrazas estará vinculado ao establecido de apertura e peche de establecementos abertos ao público por Orde da Consellería competente da Comunidade Autónoma segundo o establecido no artigo 17 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, coas ampliacións ou reducións que autorice o concello de Marín nos termos do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017 en relación cos artigos 8 e seguintes da Orde de 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas; así como as derivadas de normativa sectorial sanitaria ou calquera outra que sexa aplicable.



2. Unha vez finalizado o horario de funcionamento da terraza, non se permitirá a presenza de clientes na mesma nin se expenderá consumición algunha, dispoñendo a persoa ou entidade titular do establecemento do tempo de desaloxo estipulado no artigo 6 da Orde de 23 de outubro de 2020, para proceder á retirada total das instalacións e elementos que a ocupen, atendendo ao seu aforo:

- a) Ata 500 persoas: no tempo máximo de 30 minutos, desde a hora do peche.
- b) Desde 501 ata 2.999 persoas: no tempo máximo de 45 minutos, desde a hora do peche.
- c) Desde 3.000 persoas ou máis: no tempo máximo de 1 hora, desde a hora do peche.

3. O horario xeral de funcionamento das terrazas será o seguinte:

- a) O horario de inicio: Con carácter xeral será ás 8:00 horas.

No caso de áreas peonís cun horario habilitado para a realización de labores de carga e descarga, o inicio do horario da instalación virá limitado pola finalización do horario establecido para os ditos labores, no seu caso.

- b) O horario de peche será o seguinte:

III.2.5. Establecementos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes: 2.00 horas.

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes: 3.30 horas.

III.2.5.2. Cafeterías: 2.30 horas.

III.2.5.3. Bares: 2.30 horas.

III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento.

III.2.7.1. Salas de festas: 6.00 horas.

III.2.7.2. Discotecas: 6.00 horas.

III.2.7.3. Pubs: 4.00 horas.

III.2.7.4. Cafés: espectáculo: 4.30 horas.

III.2.7.5. Furanchos: 2.00 horas.

Artigo 24. Condicións xerais de ocupación

1. A autorización outorgarase exclusivamente para as vías ou espazos públicos lindeiros coa fachada do local. Non obstante, admitirase excepcionalmente a localización na marxe oposta en vías peonís ou de circulación restrinxida, así como en espazos públicos libres diferentes a vías (tales como os situados en prazas, parques ou xardíns) inmediatamente lindeiros ao viario ao que dea fronte a fachada do local. A aplicación desta excepción requirirá a concorrencia dos seguintes requisitos:



Mércores, 3 de novembro de 2021

Núm. 211

i) Que non sexa posible a instalación da terraza na mesma marxe do local, ou que, sendo posible, a instalación na marxe oposta mellore as condicións de uso común xeral da vía pública.

ii) Que na marxe oposta non exista outro establecemento de actividades recreativas que poida instalar terrazas de veladores.

iii) Non se admitirá esta excepción en vías de tránsito de vehículos non restrinxido, salvo en casos debidamente xustificados.

iv) A autorización en parques e xardíns, deberán situarse en zonas nas que existan pavimentos duros, quedando expresamente prohibida a colocación de mesas e cadeiras noutras superficies, e sen que en ningún caso poidan impedir o normal desenvolvemento das actividades propias das parques e prazas como espazos de lecer e paseo dos cidadáns.

Non se admitirá a colocación en vías públicas de terrazas de veladores polos establecementos que non linden directamente coa vía pública, tales como locais en plantas superiores á planta baixa ou locais interiores en galerías ou prazas interiores; salvo supostos excepcionais debidamente xustificados.

Nos supostos de edificacións lindeiras abandonadas ou en ruínas, poderase ocupar o espazo da súa fachada, sempre e cando estén aseguradas as condicións de seguridade e sen prexuízo dos posibles terceiros titulares.

2. Calquera modificación de materiais, mobiliario, pavimentos, sinais ou elementos decorativos do orixinalmente autorizado, requirirá a correspondente modificación da licenza municipal.

3. Queda prohibida a instalación nas terrazas de máquinas recreativas, de xogos de azar, billares, futbolíns ou calquera outra de características análogas. Tampouco estará permitida a instalación de barras fixas nas fachadas dos establecementos.

4. Respectaranse as distancias que se sinalan nas condicións particulares no Título III desta ordenanza aos distintos elementos de mobiliario urbano, sinais de tráfico e báculos de iluminación, garantindo a súa función e permitindo os labores de mantemento.

5. Prohíbese expresamente a instalación de equipos de son ou xeradores de ruído no exterior dos establecementos. Calquera instalación deste tipo, e de maneira excepcional por mor de eventos extraordinarios, requirirá autorización previa do Concello, de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

6. Excepcionalmente poderán autorizarse accesos adaptados (ramplas, elevadores, etc.), cando se xustifique a dispoñibilidade dos terreos, pola súa titularidade, amplitude ou calquera outra condición que a xuízo do Concello estime apropiada para iso.

7. En todo caso, na instalación do mobiliario e elementos que forman parte da terraza deberá garantirse o acceso ás arquetas, tapas ou elementos similares das canalizacións dos subministros básicos, non podendo de ningún xeito obturar ou dificultar ditos accesos.



8. Con carácter xeral, toda instalación sexa de mobiliario, tarimas, elementos accesorios sexa con carácter estable, deberá ser desmontable parcial ou totalmente para poder acceder aos elementos correspondentes ás infraestruturas subterráneas, elementos de sinalización ou calquera outra instalación susceptible de ser revisada.

Artigo 25. Superficie de ocupación

Con carácter xeral as superficies de ocupación de instalacións de terrazas deberán respectar as seguintes condicións:

1. As superficies de ocupación, estarán limitadas polas condicións de amplitude dos rueiros e largo das beirarrúas, prazas públicas ou privadas, polas condicións da súa categoría, vías de circulación rodada, peonís, ou de tráfico restrinxido.

2. Para a ocupación de solo con elementos pechados en solos de titularidade privada, ou privada de uso público, deberá xustificarse o cumprimento das ordenanzas do PXOM.

Artigo 26. Posición das instalacións

a) Con carácter xeral, as terrazas de veladores en espazos e vías públicas situaranse conforme ás seguintes regras:

a.1) En rúas abertas ao tránsito permanente de vehículos, as terrazas só poderán colocarse nas beirarrúas. Non obstante o anterior, con carácter excepcional, e con vixencia limitada á das restricións ás actividades de hostalaría derivadas das situacións de estado de alarma ou, no seu caso, de emerxencia sanitaria ocasionada pola COVID 19, as terrazas de veladores poderán colocarse en zonas de estacionamento libre ou regulado (excluídas as zonas de carga e descarga, as reservadas a estacionamento de vehículos de servizos públicos e as prazas reservadas para persoas de mobilidade reducida).

Nestes casos a ocupación limitarase á lonxitude da liña de fachada do local, e a instalación da terraza deberá realizarse cunha estrutura desmontable que se manterá de forma permanente durante o período de vixencia da licenza.

Esta excepción será aplicable tanto para os establecementos que non poidan instalar terrazas de veladores nas beirarrúas por aplicación das condicións xerais establecidas nesta instrución, como para a ampliación do veladores xa autorizados, ou autorizables ao abeiro desta instrución.

Esta excepción non se admitirá nas rúas integrantes do viario principal e arterial que, por razóns de seguridade viaria, debido á súa maior densidade e intensidade de circulación. Igualmente, poderá denegarse en rúas integrantes do viario local cando do informe da Policía Local se deduza que polas circunstancias de tráfico da vía a autorización pode implicar un risco para a seguridade viaria ou das persoas.



a.2) En rúas peonís: poderán situarse na calzada ou na beirarrúa, cando esta exista. Non obstante, a colocación na beirarrúa só será admisible nos supostos nos que a situación na calzada non permita gardar o espazo libre de calzada previsto no apartado c), e sempre e cando o ancho da beirarrúa permita gardar as distancias previstas no apartado b).

b) Distancias nas terrazas situadas en beirarrúas: as terrazas situadas en beirarrúas colocaranse a unha distancia mínima de 1,80 metros da fachada, e a 0,40 metros do límite entre o bordo da beirarrúa e a calzada sempre cando non linde con zoa de aparacadoiro, nese caso serán 0,50 m. Excepcionalmente, en zonas urbanas consolidadas, admitiranse estreitamentos puntuais cando non sexa posible respectar a norma xeral de 1,80 metros, sempre que a anchura libre de paso resultante non sexa inferior a 1,50 metros.

c) Distancias en calzadas peonís e/ou de circulación restrinxida de vehículos: as terrazas en calzadas peonís ou de circulación restrinxida de vehículos deberán respectar a distancia mínima a fachada de 1,80 ou, no seu caso, 1,50 metros prevista no apartado b), deixando ademais o seguinte espazo libre na calzada:

- En calzadas de sentido único: 3,5 metros
- En calzadas de dobre sentido 6 metros

O espazo libre de calzada previsto nos apartados anteriores poderá incrementarse nos supostos nos que, polas características do tramo da vía onde se proxecta a terraza, sexa necesario para garantir o acceso de vehículos de emerxencias, carga e descarga ou de prestación de servizos públicos. En todo caso, nas esquinas das rúas deixarase o espazo libre necesario para permitir o xiro dos vehículos. En ningún caso se autorizarán veladores na parte central das rúas peonís ou de circulación restrinxida de vehículos. Non obstante o anterior, non será preciso deixar o espazo libre de calzada de 3,5 metros no caso de rúas peonís nas que non sexa posible o acceso de vehículos, pola existencia de barreiras físicas permanentes que impidan a súa entrada.

d) Nos soportais deberá deixarse unha distancia libre á fachada mínima de 1'80 metros, ou de 1,50 metros nos supostos previstos no apartado b).

No caso de que a distancia á fachada sexa menor de 1'80 m ou 1,50 metros, as terrazas colocaranse, de ser posible, na zona exterior; a partir da columna do soportal, respectando en todo caso as distancias previstas nos apartados b) – cando a zona exterior ao soportal sexa unha beirarrúa–ou c) – cando a zona exterior ao soportal sexa unha calzada peonil ou de circulación restrinxida–segundo proceda.

e) As distancias a fachadas previstas nos apartados b), c) e d) anteriores establécense co fin de deixar libre un itinerario peonil accesible entre os veladores e a liña de fachada.

Non obstante o disposto nos ditos apartados, de forma excepcional, en zonas urbanas consolidadas nas que non sexa posible cumprir este requisito, poderá autorizarse, incluso en ambas as marxes da rúa, a colocación da terraza adxacente á fachada, sempre que se coloque un paramento desmontable que converta a terraza en detectable para as persoas con dificultade visual e permita a estas persoas continuar sen dificultade o seu itinerario.



Esta excepción fundaméntase no disposto nos artigos 1.3 e 2.2 do anexo da Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, que expresamente prevén que nas zonas urbanas consolidadas, cando non sexa posible o cumprimento das condicións de accesibilidade, se formularán solucións alternativas que garantan a máxima accesibilidade, en relación co artigo 33.2 do dito anexo, no que se establece que as terrazas de bares e instalacións similares dispoñibles en áreas de uso peonil deberán ser detectables, evitando calquera elemento ou situación que poida xerar un perigo para as persoas con discapacidade visual.

En todo caso o deseño da situación dos veladores dará cumprimento á normativa vixente en materia de accesibilidade, en particular ao disposto no citado artigo 33.2.

Nestes supostos, co fin de garantir a accesibilidade ás mesas e cadeiras, a superficie ocupada deberá ampliarse establecendo un corredor intermedio en cada terraza que permita o acceso dos clientes e persoal do establecemento ás mesas, cunha anchura mínima de 0,50 metros. Nas zonas peonís ou de circulación restrinxida de vehículos, cando se autorice a colocación das terrazas adxacentes á fachada, o itinerario peonil accesible discorrerá polo espazo libre da calzada de 3,50 metros previsto no apartado c), sen necesidade de incrementar o seu ancho.

f) En zonas peonís ou de circulación restrinxida de vehículos en prazas públicas e espazos abertos, a superficie máxima de ocupación con terrazas de veladores non poderá ser superior ao 50 % do espazo libre susceptible de ocupación. O espazo libre susceptible de ocupación obterase descontando as zonas verdes, mobiliario urbano, zonas de xogo infantís, escavas e arborado. En todo caso, deberá deixarse libre en todo momento un itinerario peonil de 1,80 metros de ancho, e nas prazas abertas ao tránsito de vehículos, ademais, os itinerarios necesarios para o paso de vehículos con 4 metros de ancho libre para cada sentido da circulación.

O espazo libre nas prazas públicas deberá situarse a unha distancia máxima de 10 metros das fachadas dos edificios que dean fronte á praza, co fin de permitir a utilización de vehículos con autoescaleira contra incendios.

Non obstante, por acordo de Alcaldía poderán delimitarse os espazos dispoñibles para ocupación en prazas e outros espazos públicos cunha superficie de ocupación inferior á prevista no apartado anterior. O acordo deberá motivar a necesidade da redución da superficie máxima susceptible de ocupación para garantir o mantemento do uso público xeral da praza e a súa accesibilidade, tanto para peóns como, no seu caso, vehículos, ou ben por necesidades derivadas da protección do patrimonio cultural ou ambiental ou para a garantía de funcionamento dos servizos públicos.

g) Nos supostos de vías peonís ou de circulación restrinxida nos que existan establecementos en ambas as marxes da vía e a anchura das rúas non permita a instalación de terrazas en ambas as marxes cumprindo as condicións establecidas nesta instrución, poderá autorizarse a colocación da terraza de veladores por parte de dous ou máis establecementos de forma rotatoria en días ou períodos de tempo alternos. A terraza colocarse na marxe da rúa que corresponda en cada quenda. Para a aplicación desta excepción, os establecementos interesados deberán solicitar conxuntamente a autorización, presentando cada un deles a documentación prevista para cada



unha das terrazas e un documento conxunto no que se manifeste a conformidade coa utilización por quendas da rúa, no que se indicará a distribución temporal para a súa colocación, conforme ao modelo normalizado que aprobe a Alcaldía.

h) Prohibicións de localización:

Os veladores respectarán o disposto no Regulamento xeral de circulación e normas complementarias de aplicación, en todo o relativo á visibilidade, distancia a cruzamentos e esquinas de beirarrúas sen poder entorpecer, en ningún caso, o paso de persoas ou vehículos, mesmo en rúas peonís. Por conseguinte, non poderán situarse en ningún caso ante ou sobre:

- Portais de acceso a edificios ou locais comerciais.
- Pasaxes permanentes ou entradas de carruaxes.
- Reservas de vía pública.
- Paradas de vehículos de servizos públicos ou oficiais.
- Elementos urbanos cuxo uso puidese verse dificultado en caso de emerxencia pola colocación de veladores, tales como bocas de hidrantes contra incendios e outros.
- A menos de 1,50 metros doutros servizos autorizados, como cabinas de teléfonos, caixas de correos, quioscos, caixas de protección de edificios, caixa de contadores xerais desde a rúa, etc., así como de elementos de mobiliario urbano de uso público, tales como bancos. No caso das papeleiras, a distancia mínima será de 1 metro.
- A menos de 1,50 metros de inmobles declarados bens de interese cultural e de esculturas ou outros elementos ornamentais de mobiliario urbano análogos.

Tampouco poderán impedir a visión frontal de escaparates de locais comerciais, rótulos de despachos profesionais e instalacións similares de terceiras persoas, agás nos supostos nos que se autorice a ocupación polo establecemento afectado, ou que fronte ao devandito establecemento poida deixarse un espazo libre mínimo de 4,00m.

CAPÍTULO III. DOS MATERIAIS E MOBILIARIO

Artigo 27. Parasoles e antucas e paraventos

Os parasoles e antucas serán de cores acordes coa contorna urbana, e a altura mínima dunha instalación illada será de 2,20 metros e a máxima libre será de 3,00 metros.

A base dos parasoles será en material que no altere o deteriore o pavimento público e solo permitiranse bases en ferro si estas non están en contacto directo co pavimento.

Os paraventos poderán ser aillados, con ou sin xardineira, ou facilmente desmontables e suxeitos exclusivamente a estrutura do toldo. Neste caso deben ser lixeiros e serán retirados o da vía pública cando finalice o horario de utilización da terraza



Mércores, 3 de novembro de 2021

Núm. 211

Artigo 28. Mesas e cadeiras

a) O módulo tipo (módulo por mesa) do velador constitúe unha mesa baixa e un máximo de catro cadeiras.

As dimensións totais mínimas do espazo ocupado polos veladores, en función do número de cadeiras, deberán ser as seguintes:

Mesa con 4 cadeiras: 1,80 X 1,80 m

Mesa con 3 cadeiras: 1,80 X 1,25 m

Mesa con 2 cadeiras: 1,80 X 0,70 m

Mesa para servizo de comidas: 0,70 X 1,20 m

O diámetro máximo de mesa será de 70 cm (ou un lado máximo de 70 cm en mesa cuadrangulares ou rectangulares) cunha superficie equivalente de ocupación máxima de 3,25 m². Mesa para servizo de comida será 0,70 m ancho X 1.20 m. máximo de largo, cunha superficie equivalente de ocupación máxima de 4,15 m².

b) Se por razóns de dimensións do espazo dispoñible non fose posible a instalación de veladores de módulo tipo, poderán instalarse mesas altas ou barricas con dúas banquetas, cun diámetro máximo de 50 centímetros (ou un lado máximo de 50 cm en mesas cuadrangulares ou rectangulares).

A lonxitude mínima da ocupación necesaria no caso de banquetas enfrontadas será de 1,70 m, cunha superficie equivalente de ocupación máxima de 0,85 m².

No caso de banquetas dispostas en ángulo recto, a ocupación mínima necesaria será de 1,10 X 1,10 metros.

As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o fácil acceso a todos os módulos.

As mesas e cadeiras poderanse amorear no exterior nunha zona onde non interfiran coa limpeza das beirarrúas, e deberán estar suxeitas de maneira que non poidan ser movidas de maneira accidental ou voluntaria, permitíndose a acumulación sobre os taboados e mantemento dentro das instalacións con peche estable. A superficie da zona de amoreamento deberá recollerse na documentación que se presente para a obtención do título habilitante, e se considerará, a todos os efectos, como superficie de ocupación.

En caso de peche provisional ou vacacións, e por un período previsto igual ou maior de 7 días, o mobiliario retirarase da beirarrúa, tanto a instalación como os elementos amoreados, deixándoa libre.



Artigo 29. Expositores

1. Estes elementos e mobiliario soamente poderanse situar na fronte das fachadas dos establecementos. A súa colocación, espazos de circulación, e distancias serán as mesmas que o disposto para as terrazas. Excepcionalmente poderase autorizar unha situación distinta, lonxe da fronte do local, coas mesmas limitacións que se sinalan para as terrazas, en días de feiras ou festas locais.

2. Soamente poderanse expoñer ou anunciar produtos ou servizos propios do local ao que pertence e dá servizo.

Artigo 30. Taboados, plataformas e elementos análogos

1. Instalaranse con carácter preferente e sempre que así o permita o PXOM, a normativa vixente de accesibilidade ou lexislación sectorial de aplicación e a presente ordenanza, en beirarrúas ou prazas.

2. Poderanse instalar tarimas, taboados, plataformas e elementos análogos nos espazos destinados a aparcamento coas seguintes condicións:

a. As instalacións de tarimas, taboados, plataformas, en zonas con pendente, colocaranse de maneira que os saltos non excedan de 0,50 metros medidos desde o pavimento da rúa ata cada unha das plataformas.

b. As tarimas, plataformas ou elementos análogos, deberán instalarse de maneira que queden niveladas coa beirarrúa, ou, en todo caso, aplicando solucións construtivas que permitan o cumprimento da normativa de accesibilidade e eliminación de barreiras.

c. Os taboados serán de madeira tratada para ser instalada no exterior. Permitiránse outros materiais tales como metálicos grecados, previa conformidade dos servizos técnicos municipais, en atención a criterios de seguridade, homoxeneización e ornato público, para o que se terá en consideración instalacións análogas existentes na contorna. En todo caso, a elección do material deberá xustificarse no proxecto.

d. Os separadores e elementos de seguridade, como varandas, estarán ancorados á tarima, e requirirán o cumprimento das condicións de seguridade que impón o Código Técnico da Edificación para estes elementos.

e. O material dos separadores, paraventos e elementos de seguridade será transparente deixando ver o interior da terraza e podendo combinarse con outros materiais. Autorízase a instalación de elementos verdes, tales como xardineiras ou plantas. Neste caso garantirase que a separación á calzada impide a posibilidade de incidencias coa circulación rodada.



Artigo 31. Alturas e condicións específicas dos distintos elementos*a) Condicións específicas dos elementos de sombra.*

As antucas, parasois e pérgolas serán de material téxtil ou similar, lisos e dunha soa cor, preferiblemente en cor negra, dando uniformidade á terraza (seguindo os modelos propostos no anexo de modelos de mobiliario de terrazas e veladores para harmonización dos mesmos. A proxección en planta dos parasois ou antucas non superará os límites do espazo autorizado á terraza.

Os parasois e antucas deberán ter un único punto de apoio, de doada manobra. A altura mínima dunha instalación illada será de 2,20 metros e a máxima libre será de 3,00 metros.

En ningún caso estas instalacións impedirán a visibilidade de sinais de circulación nin de establecementos lindeiros.

Excepcionalmente poderá autorizarse en prazas ou emprazamentos similares o modelo de toldo telescópico que figura no anexo de modelos de mobiliario de terrazas e veladores para harmonización dos mesmos.

b) Condicións específicas dos elementos de climatización.

Os elementos de climatización da terraza de veladores deberán cumprir a normativa técnica esixible en cada caso, debendo reunir as condicións de seguridade esixibles, sen que poidan producir ningún tipo de ruído, emisión ou vibración molesta nin ningún tipo de risco para as persoas. A súa colocación e instalación deberá realizarse observando en todo momento as recomendacións ou instrucións técnicas do fabricante.

Non se admitirán instalacións de carácter fixo, debendo retirarse co resto de elementos integrantes da terraza de veladores.

Os elementos de climatización deberán harmonizar esteticamente co resto de elementos do velador e coa contorna, e deberán situarse sempre dentro do perímetro máximo de ocupación da terraza de veladores.

As estufas, calefactores ou ventiladores que non se apoién no solo deberá deixar unha altura libre de paso mínima de 2,20 metros.

Os elementos de climatización deberán situarse a unha distancia mínima de 2 metros das fachadas e de calquera elemento de mobiliario urbano da vía ou espazo público.

Non se admitirá a instalación de máis dun aparato por cada catro mesas autorizadas.

c) Condicións específicas para a colocación de paramentos desmontables, tarimas e estruturas de protección.

1. Os paramentos desmontables deberán observar as normas estéticas previstas para o resto de elementos integrantes da terraza así como as específicas que sexan de aplicación conforme á ordenación urbanística, debendo observar, en todo caso, as condicións de seguridade adecuadas.



A instalación destes elementos terá carácter obrigatorio nos supostos excepcionais nos que a terraza se acaroe ás fachadas en rúas peonís ou de circulación restrinxida, co fin de facer detectable a terraza para as persoas con dificultade visual.

Os paramentos desmontables terán unha altura mínima de 0,70 metros e máxima de 1,50 metros, debendo ser detectables a unha altura mínima de 0,15 m medidos dende o nivel do solo.

2. A instalación de estruturas de protección deberá realizarse nos supostos excepcionais de ocupación de espazos libres de estacionamento en calzadas. Estas estruturas deberán estar pechadas por tres lados –o lado da calzada e as zonas anterior e posterior á ocupación – protexendo e delimitando o espazo ocupado, agás no suposto de instalación entre escavas, nos que só será esixible no lado da calzada. Deberán observar os criterios xerais de estética e adaptación á contorna previstos nesta instrución para o resto de elementos integrantes da terraza do velador, así como as alturas mínimas de 0,70 metros e máxima de 1,50 metros previstas no parágrafo anterior para os paramentos desmontables.

En todo caso, as estruturas de protección deberán dispoñer do correspondente marcado CE cando este sexa esixible. Cando exista desnivel entre a beirarrúa e a calzada, deberá colocarse unha tarima ao nivel da beirarrúa co fin de mellorar a accesibilidade aos veladores.

3. Permitirase a colocación de tarimas desmontables cando a inclinación da rúa ou espazo público o aconselle.

Artigo 32. Situación

Cumpríranse as condicións de emprazamento sinaladas con anterioridade para as terrazas. As condicións de seguridade, tanto do inmovible como da contorna, non se verán afectadas pola presenza da instalación.

Deberá garantirse:

As saídas de emerxencia quedarán libres en todo o seu ancho, retranqueándose o peche a unha distancia maior de 1,00 metro a cada lado das devanditas saídas.

Os peches retranquearanse como mínimo 0,50 metros medidos desde os seus extremos na aliñación do bordo da beirarrúa nos zoas con aparcadoiros ou de 0,40 m cando non linde con aparcadoiro.

A distancia dos elementos do peche ao borde da beirarrúa, cando este exista, será como mínimo de 0,50 metros, podendo ser ampliada por razóns de interese público. En todo caso, cando os peches se sitúen próximos a zonas de aparcamento a separación ao borde será de 0,80 metros, ampliándose en caso de coincidir con aparcamentos reservados segundo a normativa de accesibilidade, nese caso estarase ao disposto pola normativa correspondente. Os maceteiros e elementos axardinados existentes no espazo en que se instale o peche estarán totalmente libres e serán accesibles, para ese fin existirá unha franxa mínima de 0,50 metros ao seu ao redor totalmente despexada, medida desde o seu bordo exterior, que pode ser ampliada cando o interese público así o xustifique.



Manterase unha distancia de 1,00 metro en todo o seu perímetro aos distintos elementos do mobiliario urbano, sinais de tráfico, báculos de iluminación e outros servizos municipais, de modo que queden totalmente libres, garantindo en todo momento a súa función e permítanse os labores de mantemento.

Nas zonas obxecto de especial protección polas súas características paisaxísticas, arquitectónicas, ambientais, de patrimonio ou calquera outra de conformidade coa normativa urbanística e sectorial vixente, o concello poderá establecer as condicións de homologación das instalacións autorizables, previo informe favorable do organismo sectorial competente e sen prexuízo do disposto no artigo 52.

Toda aquela instalación que poida afectar o tráfico rodado deberá contar co informe favorable da Policía Local, en particular no referente aos cruzamentos de vías.

TÍTULO III. CONDICIÓNES ESPECIAIS EN ATENCIÓN AOS ESPAZOS DE OCUPACIÓN SOLICITADA E TIPOLOXÍA DA INSTALACIÓN

CAPÍTULO I. INSTALACIÓNS EN ÁREAS PEONÍS, PRAZAS E ESPAZOS LIBRES DE TITULARIDADE OU USO PÚBLICO

Artigo 33. Limitacións da ocupación

Sen prexuízo do disposto anteriormente, nas rúas peonís, prazas e espazos libres de titularidade ou uso público, as solicitudes de ocupación resolveranse segundo as peculiaridades de cada caso en concreto, atendendo ás circunstancias particulares do espazo, do seu ancho e demais características. Disporanse de maneira que exista un itinerario peonil mínimo e libre de obstáculos de forma que se permita o paso de vehículos de emerxencias e outros vehículos autorizados.

As solicitudes de autorización para a instalación de terrazas nestes espazos resolveranse pola administración municipal segundo as singularidades da zona e a instalación poderá situarse preto da fachada do establecemento ou estar separada desta. No caso de verse interrompida a ocupación por un itinerario peonil existente ou requirido polo Concello, a ocupación computarase como unha unidade aos efectos da ocupación máxima. No primeiro caso, a lonxitude máxima da terraza será a da fachada do establecemento.

Se máis dun establecemento dun mesmo edificio solicita autorización de terraza con peche estable, cada un poderá ocupar a lonxitude do ancho que dá fronte á súa fachada. As condicións de instalación veñen recollidas ao longo do texto da presente ordenanza.

Poderán acaroarse sempre que exista acordo entre os lindantes e que as instalacións garden homoxeneidade no seu deseño e materiais.



*CAPÍTULO II. INSTALACIONES EN ESPAZOS PRIVADOS DE USO PÚBLICO***Artigo 34. Aplicabilidade das condicións en solo de dominio público**

As instalacións nestes espazos someteranse, ademais das determinacións sinaladas para o solo público naquilo que lle afecte, ás que se conteñen no presente Capítulo e ás determinacións do PXOM de Marín e demais normativa urbanística de aplicación.

Artigo 35. Ocupación

Cando as instalacións descritas nesta ordenanza se sitúen en espazos privados de uso público, poderá chegar ao 100% da superficie do espazo coas limitacións de separación aos lindeiros que a normativa sectorial esixa para cada tipo de solo, tendo en conta tamén o sinalado no PXOM respecto de os usos e instalacións nos espazos privados de uso común e nos patios.

Artigo 36. Estudo de evacuación

A instalación de terrazas en espazos privados deberá garantir que se cumpren as condicións de seguridade de evacuación, para o que presentará, xunto coa documentación xeral preceptiva, un estudo xustificativo de evacuación no que se teñan en conta as dimensións, aforo, mobiliario da terraza e a súa incidencia sobre o conxunto do local, así como unha saída a un espazo seguro.

Garantirase o cumprimento da normativa sobre accesibilidade e eliminación de barreiras, así como demais normativa que lle afecte.

Artigo 37. Limitacións por condicións acústicas

Non se permitirán as instalacións situadas en patios de mazá e espazos pechados debido á configuración arquitectónica na que se atopan.

*TÍTULO IV. PROCEDIMIENTO COMÚN DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS***Artigo 38. Solicitudes**

1. A licenza de terraza, e no seu caso a de ocupación do dominio público municipal, poderá ser instada polas persoas ou entidades interesadas que cumpran os requisitos subxectivos do artigo 7 da presente ordenanza, mediante solicitude que se presentará por calquera dos medios legalmente admitidos, á que se acompañarán os documentos que se indica na presente norma ou os específicos detallados nos formularios facilitados para os efectos polo Concello de Marín para cada tipo de ocupación.

2. No caso de solicitude por persoa xurídica, deberá aportarse xunto coa solicitude a acreditación da representación por calquera medio válido en Dereito, debendo tramitar a solicitude obrigatoriamente a través de medios telemáticos de conformidade co previsto nos artigos 5 e 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



Artigo 39. Autorizacións, denegacións e outras limitacións

1. As licenzas outorgaranse directamente á persoa ou entidade solicitante que reúna os requisitos ou condicións que se establezan para cada suposto concreto. Maila o anterior, o cumprimento por peticionarios dos devanditos requisitos non implica dereito algún ao seu favor, podendo o Concello conceder ou denegar as peticións de maneira motivada, atendendo de forma especial ao interese xeral fronte o particular.

2. A implantación das instalacións reguladas na presente ordenanza requiren en todo caso a previa obtención da licenza municipal nos termos previstos na mesma. Cando sexa necesario a obtención de previas autorizacións sectoriais, estas serán vinculantes.

3. As autorizacións quedarán condicionadas a que se garanta o acceso para a utilización regular ou reparación das bocas de rega, tapas e rexistros e outras instalacións que estivesen na súa área de ocupación.

4. A autoridade municipal competente poderá, de maneira suficientemente razoada, denegar a solicitude destas instalacións temporais en base a incumprimentos regulados nesta ordenanza ou na normativa aplicable para as actividades que se desenvolven nelas.

5. As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente polo Concello en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, exista incumprimento sistemático das condicións da autorización, ou menoscaben o uso xeral.

